

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DOCE DE MARZO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do Concello de Cerdido, ás trece horas e cinco minutos do día doce de marzo de dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez e Jairo Orjales Sande. Non asistiu José Esmorís Aldao, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- PRAZA DE CONDUCTOR-MAQUINISTA MUNICIPAL .A secretaria deu lectura a seguintes moción . Exposición de motivos. Recentemente acabase de xubilar un traballador municipal. Este empregado estaba a ocupar a praza de Conductor Maquinaria, a cal queda vacante. Dende o PSdeG de Cerdido creemos que esta praza é fundamental para darlle uns bos servizos a veciñanza do noso concello. Tamén é unha boa ocasión para darlle a oportunidade de promoción laboralmente a outros traballadores municipais que levan moitos anos estancados en categorías inferiores. Esta comprobado que os empregados motivados son mais produtivos. Aproveitan mellor o tempo, renden mais e iso conleva mellores resultados para a empresa e para o propio traballador. O EBEP no seu artigo 14 recolle os dereitos individuais do empregado público, a inamovibilidade, a progresión na carreira profesional e a promoción interna segundo principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación. Para o persoal laboral establece-se no artigo 19 do EBEP que terá dereito a promoción profesional e a súa carreira e promoción farase efectiva a través de procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores. Por todo o anterior o PSdeG-PSOE de Cerdido presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:1- Para cubrir a vacante de Conductor Maquinaria se saque primeiro polo método de promoción interna para darlle a oportunidade de ascender a outros traballadores municipais.2- Que dita praza se convoque o antes posible, cumprindo os prazos establecidos pero sen demoras inxustificadas. En Cerdido, a 27 de febreiro de 2015.Asdo. Rocío Martínez Martínez Asdo. Cándido Prieto Lago Asdo. Benigno Galego Castro. Os **membros do Pleno en votación ordinaria e polo voto de calidade da alcaldesa rexeitaron a moción anterior** . Catro votos a favor da moción dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago,Rocío Martínez Martínez. e Jairo Orjales Sande,e catro en contra da moción dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz e o voto de calidade da alcaldesa .

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que con esta moción o que se trata e de darlle oportunidade aos traballadores municipais a promoción profesional , é un dereito que ven recollido no EBEP . O Concello non é unha empresa privada e en tódalas Administracións se sacan as prazas por promoción interna , non é darlle a dedo a praza a ninguén senón de darlle a oportunidade aos traballadores municipais de promocionarse


O concelleiro Jairo Orjales Sande anuncia que esta dacordo co que se propón e que é un dereito

dos traballadores que se debe facer non só con esta praza senón con todas as que se saquen nun futuro e entende que o sistema de concurso -oposición non é unha boa costume e que debería prevalecer o sistema de oposición libre así como evitar situacións de contratos laborais temporais permanentes no tempo .

A alcaldesa explica que calquera traballador do Concello que solicita mellora se lle teñen en conta e que se fai flexible o seu horario para que poidan acudir aos cursos que queren .

2.- LICENZAS DE TAXIS .A secretaria leu a moción que se copia a continuación : Exposición de motivos. Na actualidade o concello de Cerdido conta o redor de 1250 habitantes. A maioría desta poboación xa é de avanzada idade que en moitas casos non dispoñen dun medio de transporte para acudir a citas médicas, xestións, etc..., polo que se lle fai necesario utilizar un transporte público. O concello de Cerdido, cunha extensión de 52 km² e máis de 90 núcleos de poboación, so dispón de dúas licenzas de taxi. Outros servizos de transporte públicos, como FEVE ou a liña de autobús, quedan en moitos casos alonxados, co cal non cubre ás necesidades neste ámbito os habitantes do noso concello, tendo que desprazarse nun taxi doutro concello ou pedindo favores a algún veciño. Dende o PSdeG de Cerdido xa nos interesamos en varias ocasións por este malestar veciñal, e solicitamos o goberno municipal que o resolverse. A Lei 4/2013 do 28 de maio, do transporte público en vehículos de turismo de Galicia di no seu artigo 7:1. Os concellos ou, no seu caso, a entidade competente nun área territorial de prestación conxunta podrán establecer, de conformidade co disposto na presente Lei, unha contingentación específica para o seu ámbito territorial, diferente a prevista no artigo anterior, mediante a tramitación dun procedemento que se iniciará pola realización dun estudio previo de mobilidade no que se analicen aspectos relacionados coas condicións de mobilidade do correspondente ámbito territorial, a calidade da prestación do servizo existente e aspectos socioeconómicos.2. Regulamentariamente a Consellería competente na materia de transportes desenvolverá dito procedemento e determinará o contido mínimo do estudio previo de mobilidade, no que haberá de terse en conta. O menos, os seguintes criterios:a) O nivel de demanda e oferta do servizo de taxi no correspondente ámbito territorial) O nivel de cobertura, mediante os diferentes servizos de transporte público, das necesidades de mobilidade da poboación. c) A existencia de infraestruturas do servizo público no correspondente ámbito territorial, como poden ser as vinculadas a sanidade, ensinanza, servizos sociais e espazos que desenvolven actividades deportivas ou de ocio, e tamén a alternativa de outros sistemas de transporte de interese xeral u outros factores que tivesen incidencia na demanda de servizos de taxi.d) As actividades de natureza comercial, industrial, lúdica e turística o de natureza análoga que puidesen xerar unha demanda específica de servizos de taxi.e) O grado de satisfacción das persoas usuarias do taxi. Por todo o anterior o PSdeG-PSOE de Cerdido presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1- Que o concello de Cerdido faiga urxentemente os trámites, estudos e informes necesarios para á concesión de máis prazas de taxi.2- Que dita concesión sexa pública, podéndose presentar calquera veciña/o que o desexe e cumpra os requisitos marcados pola Lei. En Cerdido, a 27 de febreiro de 2015.Asdo. Rocío Martínez Martínez Asdo. Cándido Prieto Lago Asdo. Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno , por unanimidade aprobou a moción anterior .**

O concelleiro Benigno Galego Castro , explica que se solicitou fai tempo a ampliación das licenzas de taxi e no ultimo pleno se contestou que non se podía porque a lei non o permitía . Entende que se pode solicitar mais no caso de que realice o estudio de mobilidade que pode estar fundamento na alta demanda que hai do servizo e que na actualidade están traballando taxistas



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

doutros concellos . Cre que é posible solicitar dúas prazas porque a demanda é alta e non hai trasposte publico para que a xente acuda o centro de saúde , o concello ou o banco .

A alcaldesa explica que por poboación , correspondeulle a Cerdido dúas licenzas de taxi , e si se quere outra mais e necesario realizar un estudio de mobilidade que ten que estar moi xustificado e cree que a única posibilidade de ter outro taxi mais seria solicitar unha praza de taxi adaptado xa que isto nos daría mais oportunidades para que a Xunta aprobe unha nova licenza .

O concelleiro Jairo Orjales Sande explica que descoñece a lexislación do taxi pero cree que seria favorable para o concello xa que se crearía un posto de traballo mais e se cubriría unha necesidade da xente . E Narón so hai un taxi adaptado polo que se podería pedir para que faga o servizo a varios concellos .

O concelleiro Cándido Prieto Lago afirma que esta sobradamente xustificada a solicitude de novas prazas pola dispersión da poboación e a falta de transporte público .

3.- APARCAMENTO NA IGREXA DOS CASÁS. A secretaria deu lectura a moción seguinte . Exposición de motivos. A igrexa da parroquia dos Casás está situada no lugar chamado Campo da Igrexa, o lado da carretera provincial que une o concello de Cerdido co concello de Ortigueira, a cal ten frecuentemente bastante tráfico de turismos e vehículos pesados polo tránsito de madeira e transporte escolar. Dita igrexa non dispón de ningunha zona de aparcamento. Os veciños/as que acoden os funerais teñen que deixar os vehículos aparcados nas beirarrúas da carretera ou en pistas municipais que en moitas ocasións interrompen o tránsito rodado polas mesmas. Hai que recordar tamén, que cando chega o coche fúnebre e os familiares mais cercanos xa non teñen sitio onde estacionar. Recentemente o concello de Cerdido acordou a cesión do tramo de carretera antiga coa Xunta de Galicia o seu paso por dita zona. Tamén se recoñeceu, no pleno municipal do día 30 de xuño de 2014, de uso público un camiño cercano a igrexa, e na actualidade non ten tráfico o estar en desuso. Por todo o anterior o PSdeG-PSOE de Cerdido presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:1- Que o camiño municipal antes mencionado se adecúe e habilite para estacionamento dos vehículos dos familiares máis cercanos os días de enterro, sinalizándoo debidamente.2- Que se habilite a antiga carretera con aparcamentos na beirarrúa. En Cerdido, a 27 de febreiro de 2015.Asdo. Rocío Martínez Martínez Asdo. Cándido Prieto Lago Asdo. Benigno Galego Castro. Os **membros do Pleno por maioría rexeitaron a proposta anterior** . Catro votos en contra dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz e o voto da alcaldesa . , tres votos a favor da moción dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago,Rocío Martínez Martínez. e unha abstención do concelleiro Jairo Orjales Sande.

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que non hai zona de aparcamento xunto a Igrexa nos Casás e as veces se corta a carretera debido a que a xente deixa os coches para ir aos enterros , o peor e cando chega o coche fúnebre seguida da familia e esta non ten sito para deixar

os coches polo que se solicita que se arranxe a estrada antiga para aparcamentos e o camiño onde poden caber dous ou tres coches . No camiño pódese habilitar para os familiares facendo unha pequena obra e non entende como se accedeu a cesión da antiga estrada sen que estivera ben conservada .

O concelleiro Jairo Orjales Sande intervén para expoñer que o problema é un desorden a hora de aparcar e que se debe estudar ben o tema , non lle parece a solución aparcar nun camiño e o que se debe facer e estudar ben o tema porque non hai moito sitio .

A alcaldesa explica que parécelle raro que se habilite un camiño como aparcamento , na estrada da Deputación hai muros e non se pode ampliar e entende que a xente xa aparca na estrada xeral .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día doce de marzo de 2015. Do que eu como secretaria dou fe :

A secretaria

Paula Díaz Tie

A alcaldesa

Ana Rodríguez Montero